



Universidade de Vigo

Campus de Ourense  
Campus da Auga

Vicerreitoría de Captación  
de Alumnado, Estudiantes e  
Extensión Universitaria

Facultade  
de Historia

## IV OLIMPÍADA GALEGA DE HISTORIA

### “FAI HISTORIA CON NÓS”

A Facultade de Historia da Universidade de Vigo convoca á *IV Olimpíada Galega de Historia. Fai Historia con nós*.

#### OBXECTIVOS

- Promover o interese do alumnado de Educación Secundaria pola Historia
- Visibilizar a importancia da materia de Historia no currículo formativo do alumnado
- Destacar o aspecto lúdico da aprendizaxe da Historia e a posibilidade de empregar este sistema como elemento avaliador nas aulas de Ensino Secundario
- Estreitar as relacións entre os centros de Ensino Secundario galegos e a Universidade de Vigo
- Dar a coñecer á Facultade de Historia e o campus de Ourense entre o alumnado interesado no ámbito humanístico.
- Fomentar a relevancia das disciplinas humanísticas para a comprensión do mundo actual e a súa mellora.

## BASES

### Participación

Poderá participar na *IV Olimpíada Galega de Historia. Fai Historia con nós* todo o alumnado matriculado no curso 2020/2021 en 4º de ESO ou ESA dos centros de Ensino Secundario da Comunidade Autónoma Galega.

A participación na proba realizarase mediante equipos. Cada centro só poderá presentar un equipo formado por catro estudantes e un/unha docente encargado/a da preparación e representación a todos os efectos.

As probas terán lugar os días 21 de maio (1ª Fase: roldas clasificatorias) e 28 de maio (2ª Fase: Semifinais e Final). A 1ª Fase levarase a cabo por medios virtuais mentres que a 2ª Fase celebrarase, segundo as circunstancias sanitarias, ou na Facultade de Historia do Campus de Ourense ou por medios virtuais.

### Inscrición

O prazo de inscrición finaliza o día **23 de abril de 2021** ás 14:00 horas.

A inscrición será realizada polo/a docente encargado/a a través deste [formulario](#) que será remitido por correo electrónico a [sdfho@uvigo.es](mailto:sdfho@uvigo.es), indicando no asunto *IV Olimpíada Galega de Historia. Fai Historia con nós*.

O número máximo de participantes será de 30 equipos e realizarase por rigoroso orde de inscrición.

A Olimpíada considérase un acto público, dado que os/as participantes son menores de idade deberase enviar, xunto coa inscrición, a seguinte [autorización](#) que permite o uso das imaxes do evento.

### Probas

Os equipos enfrontaranse nunha competición que seguirá o esquema pregunta-resposta. Cada equipo deberá nomear un/unha voceiro/a, indicando os seus datos na folla de inscrición.

As probas cinguiranse aos contidos do currículo da materia de Xeografía e Historia de 4º de Educación Secundaria establecidos pola actual lei educativa (LOMCE).

Realizaranse sucesivas roldas de probas eliminatorias entre os equipos participantes. Todos os equipos participarán como mínimo en dúas quendas do concurso.

## **Características e roldas clasificatorias**

As probas as que se enfrontarán os equipos serán:

### Primeira fase (ata cuartos de final)

- A través dunha aplicación informática (tipo Kahoot, Quizizz o Socrative) que se dará a coñecer previamente aos equipos participantes para que a descarguen e se familiaricen con ela.

- O sistema de roldas será o seguinte:

1ª Rolda (40 preguntas): compiten todos os equipos pasando á 3ª rolda directamente os 4 mellores.

2ª Rolda (Repesca) (40 preguntas): os equipos que non se clasificaron na 1ª rolda teñen unha nova oportunidade. Pasan á 3ª rolda os 4 primeiros equipos. (40 preguntas)

3ª Rolda: enfróntanse os 8 equipos clasificados, pasando 4 a semifinais.

### Segunda fase (semifinais e final)

- Na modalidade presencial, convocaranse á Facultade de Historia aos 4 equipos finalistas para a realización das probas, primeiro as dúas semifinais e logo a final. De non poder celebrarse o evento de xeito presencial, o formato será o mesmo que nas roldas previas, mediante conexión a aula remota da UVigo.

- En ambos casos as roldas celebraranse na seguinte orde:

1ª semifinal: enfróntase o 1º contra o 4º equipo clasificado da 3ª rolda. O equipo gañador pasa á final. (40 preguntas)

2ª semifinal: enfróntase o 2º contra o 3º equipo clasificado da 3ª rolda. O equipo gañador pasa á final. (40 preguntas)

FINAL: enfróntanse os equipos gañadores das semifinais. (50 preguntas)

O terceiro e cuarto clasificado decíranse a partir das súas puntuacións na rolda de semifinais.

## **Preguntas**

- Cuestións de verdadeiro ou falso.

- Cuestións de escoller a resposta correcta.

- Identificación dunha personaxe ou obra artística.
- Identificación dun texto.

### **Sistema de puntuación**

A plataforma encargárase de xeito automático de contabilizar a puntuación (acertos e tempo) acadada por cada equipo.

### **Data e lugar de celebración**

**1ª Fase: 21 de maio de 2021** por medios virtuais

**2ª Fase: 28 de maio de 2021** na Facultade de Historia do Campus de Ourense ou de xeito virtual dependendo das condicións sanitarias. O horario concretarase coa suficiente antelación.

### **Propostas de premios** (en función do orzamento dispoñible)

Os/as participantes recibirán un diploma acreditativo.

Equipo gañador: unha tablet a cada compoñente do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. A/O docente encargada/o do equipo recibirá como agasallo unha fin de semana nun balneario da empresa Caldaria para dúas persoas.

Segundo premio: un libro e un bono de 75€ para unha tenda de videoxogos a cada compoñente do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar A/O docente encargada/o do equipo recibirá como agasallo unha fin de semana nun balneario da empresa Caldaria para dúas persoas.

Terceiro premio: un bono de 50€ para unha tenda de videoxogos a cada compoñente do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. A/O docente encargada/o do equipo recibirá como agasallo dúas entradas ás termas + masaxe en Outariz.

Cuarto premio: un bono de 50€ para unha tenda de videoxogos a cada compoñente do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. A/O docente encargada/o do equipo recibirá como agasallo dúas entradas ás termas + masaxe en Outariz.

### **Disposición adicional**

O emprego de calquera medio fraudulento durante o desenvolvemento das probas será motivo de descualificación, inclusive se a súa detección é posterior á celebración da Olimpíada. Con esta finalidade, a actividade de cada equipo participante será monitorizada durante a celebración das diferentes probas.

## **Propiedade intelectual e dereitos de imaxe**

*A IV Olimpíada Galega de Historia. Fai Historia con nós* é propiedade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, que cede o uso das probas con fins educativos, académicos ou similares, así como en actividades que sexan sen ánimo de lucro e sen efectos comerciais. En calquera uso público deberá citarse a procedencia.

Durante a realización do evento poden ser captadas imaxes ou vídeos con motivo da publicidade ou difusión do evento por diferentes medios de comunicación en uso da súa liberdade de expresión e dereito á información.

A Facultade de Historia da Universidade de Vigo tamén efectuará a divulgación daquelas imaxes e vídeos a través dos seus propios medios de difusión para o cal será necesario obter consentimento previo das persoas participantes e no seu caso, dos pais ou titores legais dos menores participantes.

## **Información sobre protección de datos de carácter persoal**

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a inscrición do equipo na olimpíada.

O tratamento dos datos de carácter persoal está lexitimado polo artigo 6.1.e) do RXP para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, en base aos obxectivos do evento que desenvolve os principios da Lei Orgánica 67/2001, de 21 de decembro, de Universidades, de creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura e a difusión, valorización e transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.

Así mesmo, para a os fins de divulgación dos resultados, dito tratamento estará amparado polo consentimento das persoas interesadas artigo 6.1.a) do RXP. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, as consecuencias serán non poder prestarlle o servizo.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas s/n, 32004, Ourense (España). Teléfono: 988 368 834. Enderezo electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal)

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).